



CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 18 de xaneiro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

VOGAIS

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DNA. ANA GRANJA GUILLÁN

TÉCNICO

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA
D. EMILIO PUMAR DURAN

SECRETARIA

DONA ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18 de xaneiro de 2017 reúnen-se en segunda convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTES SOLICITUDES:

LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACION

Informar favorablemente a solicitude de D. Ramón Rey Abelenda para licenza de primeira ocupación da edificación de nova construción na Rúa San Andrés nº 7 – Carril (Ref. cat. 8879705NH1187N0001DX) , e a súa acometida á rede xeral de distribución de auga e a conexión á rede de saneamento nas seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da vivenda, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- De concederse a licenza para a súa execución, o punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.(sr Diego teléf. 670.50.79.38).
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de Ø 160 mm. (Exp. 391/13)



Informar favorablemente a solicitude de D. Eduardo José Martínez Torrado, para licenza de primeira ocupación da edificación de nova construción na Rúa Fontecarmoa 140, e a súa acometida á rede xeral de distribución de auga e a conexión á rede de saneamento nas seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da vivenda, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- De concederse a licenza para a súa execución, o punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.(sr Diego teléf. 670.50.79.38).
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , dispórase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de \varnothing 160 mm. (Exp. 676/13)

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Manuel Bóveda Castelo para ampliación de peche frontal, respectando a aliñación establecida, na Rúa Alta nº 3 – Cornazo (Ref. Cat. 9352936NH1195S0001YM), e do informe técnico emitido ao respecto.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 735/16)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Beatriz Moraña González, para obras de demolición de tabique en local café-bar sito na Avda. Xoan Carlos I nº 12 Bx. Esda. (Ref. Cat. 9464706NH1196S0002IK), e do informe técnico emitido ao respecto.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, presentárase comunicación previa para o inicio da mesma, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 767/16)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Luis Brea Martínez en representación de D. Victor García Lamas para cerce perimetral de parcela, respectando o retranqueo mínimo, na Rúa Veiga de Cea (Ref. Cat. Pol, 23, parcela 42), e do informe técnico emitido ao respecto.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 776/16)



Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Angel Centeno Pardilla en representación de DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U. para obras de reforma en locais comerciais no Centro Comercial Arousa, locais 1-39; 1-40; 1-41; 1-42 (Ref. Cat. 9157801NH1195N), e do informe técnico emitido ao respecto.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, presentarase comunicación previa para o inicio da mesma, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, neste caso como xa existía, dará coñecemento da modificación das súas condicións.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 812/16)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Yolanda López Caamaño en representación de COM. PROP. VILLASANTI, para reparación de cuberta e fachada en edificio de vivendas sito na Rúa San Xosé nº 13 (Ref. Cat. 9471031NH1197S), e do informe técnico emitido ao respecto.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo reponer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 859/16)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Manuel Castiñeiras Figueroa en representación de COM. PROP. EMILIA PARDO BAZAN 7, para reparación de cuberta en edificio sito na Rúa Emilia Pardo Bazán nº 7 (Ref. Cat. 8753602NH1185S), e do informe técnico emitido ao respecto.

A ampliación do faldón de cuberta non suporá un aumento de volumen na edificación.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo reponer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 860/16)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Isabel Piñeiro Gómez en representación de COM. PROP. ROSALIA DE CASTRO 108 PORTAL 6, para reparación de abastecemento de auga e mantemento de escaleiras en edificio de vivendas sito na Avda. Rosalía de Castro nº 108 portal 6 (Ref. Cat. 9176801NH1197N), e do informe técnico emitido ao respecto.

As obras nas escaleiras, non poden supoñer unha diminución do seu ancho, nin mermar as condicións de evacuación primitivas.

As instalacións de fontanería a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 861/16)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Luis Vicente Ocampo Rey, para cubrición de tellado con tella do país, na vivenda unifamiliar sita na Avda. Agustín Romero nº 102 (Ref. Cat. 9351313NH1195S0001IM), e do informe técnico emitido ao respecto.



Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 866/16)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Cristina Simó cardalda en representación de Dna. Maria Cristina Cardalda Maneiro para reforma de fontanería en cocina e baño na vivenda sita na Avda. Rosalía de Castro nº 117-5º F (Ref. Cat. 9077204NH1197N0061QX), e do informe técnico emitido ao respecto.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 867/16)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Joaquín Ferro Diz, en representación de D. Manuel Novas Caamaño para reforma interior de piso, cambio de carpintería exterior e instalación de galería en vivenda sita na Rúa Castelao nº 18-6º B (Ref. Cat. 9260001NH1196S0025JS), e do informe técnico emitido ao respecto.

Deberáanse respectar os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

O peche da terraza tipo galería debe deixar practicables para ventilación de pezas vivideiras en proporción de 1/6 da superficie útil das que ventilen a través da mesma.

Xa que se trata dunha actuación sobre elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente e obter previamente autorización da comunicade de propietarios da que forma parte.

As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 872/16)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Pedro Barreiro Abalo, en representación de GERPE ABALO S.L., para obras en local comercial sito na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 29 Bx. (Ref. Cat. 9363305NH1196S0002OK), e do informe técnico emitido ao respecto.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, presentarse comunicación previa para o inicio da mesma, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 2/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Laureano Manuel Barreiro Pereira para reforma de baño (cambio de bañeira) en vivenda sita na Rúa Os Duráns nº 1-1º (Ref. Cat. 966481196S0003GL), e do informe técnico emitido ao respecto.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Comunicaselle que as obras deberán rematarse no prazo máximo dun ano (Expte. 5/17)



LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude de D. José Somoza Rodríguez, para reforzo de muro de contención existente no lugar de Rúa San Xoán nº 51 – Bamio (Ref. Cat. 0199905NH2109N0001BD), de conformidade coa documentación achegada.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 804/16).

Informar favorablemente a solicitude de Dña. M^a José Domínguez Taboada, para legalización de rótulo instalado na Rúa Arc. Xelmirez nº 30 Bx. (Expte. 808/15)

Informar favorablemente a solicitude de D. José Antonio Martínez Millán, para substitución de toldo en local de hostelería situado na Rúa Arapiles nº 3 Bx. (Ref. Cat. 9461307NH1196S0002OK).

Unha vez rematadas as obras, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. (Expte. 868/16)

Informar favorablemente a solicitude de Dña. Nuria Blanco Paz en representación de GAS GALICIA SDG, S.A., para obras de acometida na rede de canalización de gas na Avda. Agustín Romero nº 4, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescripcions Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. O titular da autorización está obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos e demais servizos que resulten afectados pola obra, restituíndo as anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto, de acordo coas directrices e criterios dos Servizos Técnicos Municipais.
6. **Reposicions**
Deberá cumprirse estritamente o establecido na autorización sectorial emitida polo servizo provincial de estradas da C.I.V. (EXPTE IF205Z 2016/000139-4)
A beirarrúa deberase repoñer con a mesma tipoloxía de loseta de bordillo, tomado con mortero e correctamente nivelado.
7. **Autorizacións Sectoriais**
Deberá cumprirse estritamente o establecido na autorización sectorial emitida polo servizo provincial de estradas da CMATI.
8. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.



9. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
10. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
11. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conduccións dos servizos existentes ou de futura construción.
12. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
13. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
14. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
15. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
16. Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscrito por Gas Galicia, SDG, S.A. según convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. 718/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. Fernando Val López en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para obras de ampliación na rede eléctrica (Nª SGD 248315110071) na Rúa Pereiro nº 20 – Solobeira, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. O titular da autorización está obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos e demais servizos que resulten afectados pola obra, restituíndo as anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto, de acordo coas directrices e criterios dos Servizos Técnicos Municipais.

6. **Reposicions**

GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado do ancho da gabia e 2 metros a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

GABIA LONXITUDINAL



Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado DA METADE DO CARRIL (DENDE O EIXO ata o borde) e 2 m. a cada extremo anterior/Posterior, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

7. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
8. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
9. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
10. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
11. A apertura das gabias nos cruces das calzadas farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
12. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
13. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
14. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose necesario realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
15. A fianza de 2.000 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. 769/16)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de D. Paulino Longo Fungueiro, en representación de PARRILLADA LA PONDEROSA S.C., para as obras de acondicionamento interior de local para cafetería na Rúa Pedroso nº 33 - Bamio, vistos os informes técnico e xurídico e de conformidade co proxecto técnico achegado, do Enxeñeiro Técnico Industrial D. Pablo Sabariz Escudero, visado polo Colexio Oficial correspondente coa data de 03/01/2017..

- Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).
- No caso de que se cumpran as condicións indicadas no Real Decreto 1627/1997, deberá proceder a nomearse coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución.
- Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia, se ben de conformidade co sinalado no informe do Enxeñeiro Técnico Industrial de data 5.01.2017 coa presentación da citada comunicación deberá presentar:
 - Informe acústico de conformidade coa normativa establecida polo decreto 106/2015 do 9 de xullo, de contaminación acústica.



- Certificado final de obra asinado polo técnico director das obras. (Exp. 503/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. Guillermo Estévez Lukaszewicz, para as obras de acondicionamento de local para lavandería autoservicio, en Avda. As Carolinas nº 42 Bx., vistos os informes técnico e xurídico e de conformidade co proxecto técnico achegado, do Arquitecto Técnico Dña. María Taladrid Diez, visado polo Colexio Oficial correspondente coa data de 18/11/2016.

- Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).
- No caso de que se cumpran as condicións indicadas no Real Decreto 1627/1997, deberá proceder a nomearse coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución.
- Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 810/16)

LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS

Informar favorablemente a renuncia solicitada por D. José Angel Oubiña Rodríguez en representación de DESGUACES SALNES S.L., da comunicación de apertura de establecemento de comercio menor de vehículos terrestres a emprazar na Avda. Rubiáns 31 e que se proceda ao arquivo do expediente 2015/24-Inocuas.

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por D. Josue Edmundo Tena Morales., para inicio e desenvolvemento da actividade de Servizos informáticos, na Rúa Castor Sánchez nº 11 Bx. (Exp. 2016/63 Inocuas)

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por D. Eduardo Martínez Torrado, en representación de BORDECAN S.L., para inicio e desenvolvemento da actividade de venda polo miúdo de accesorios e alimentación canina, na Rúa Arz. Gelmirez nº 20 Bx. (Exp. 2016/67 Inocuas)

Informar favorablemente o desestimento solicitado por D. Constantino Pérez Expósito, da transmisión da licenza municipal de apertura de establecemento adicado a café-bar na Rúa Camilo José Cela nº 7 bx. e que se proceda ao arquivo do expediente 2013/36 TR.CLASIF.

Informar favorablemente o desestimento presentado por D. David Fernandez Taboada en representación de SEVID HOSTELERIA S.L., á comunicación previa apertura de establecemento para restaurante na Avda. Rosalía de Castro 21, e que se proceda ao arquivo do expediente 2015/12 TR. CLASIF



Informar favorablemente a renuncia da comunicación previa para inicio actividade cafe bar na Pza Martin Gomez Abal nº 6 bx. solicitada por D. Paolo Davide Morrone, e que se proceda ao arquivo do expediente 2016/24 TR. ESPECT.

Informar favorablemente o desestimento da comunicación previa de inicio de actividade para estación base de teleonía mobil na Rúa Xesteira – Sobradelo, Polig. 31, parcela 710, solicitada por ORANGE ESPAGNE S.A. e que se proceda ao arquivo do expediente 2016/34 CLASIF.

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Manuel Durán Oliveira en representación de AMAVERO 2015 S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de café-bar no Cmño. Do Piñeiro nº 7 – Renza, baixo as seguintes condicións:

- a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.
- b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 28/12/2016 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.
- c) Aforo do local: 33 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 04/11/2014.
- d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.
- e) Traballará coas portas e fiestras pechadas e ventilación forzada
- f) Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroque co sumidoiro, para as augas da cociña, segundo memoria.
- g) A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.
- h) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.
- i) Entregarán os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.
- j) Os aparatos de son actualmente (UNHA TELEVISION e UN EQUIPO DE MUSICA) modelos e marcas LG 55LB730V e AMPLIFICADOR – FONESTAR AS170RU, con nºs de series 409WRHNPG401 e 14051700740 , foron precintadas pola Policía Local con data 05/12/2016 a 69.4 dB(A) e 66.4 dB(A), respectivamente para un máximo permitido de 70 dB(A), estando o potenciómetro do citado aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que puidera producirse.
- k) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente ao actual, é decir, á TELEVISION LG, EQUIPO DE MUSICA AMPLIFICADOR-FONESTAR e LIMITADOR, á que fai referencia o apartado j) anterior, sen previa autorización do Concello.
- l) **NON SE PODERA EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.**
- m) **NON PODERA OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN**, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- n) Deberá respetarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
- ñ) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).
- o) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas



sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

p) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

q) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010).(Expte. 2016/44 Tr. Espect.)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luis Rey Mesego, para o inicio e desenvolvemento da actividade de café-bar na Rúa San Roque nº 4 Bx. Dta., , baixo as seguintes prescripcións:

a) O nivel de ruído transmisíbel ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisíbel ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respectarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 28/12/2016 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.

c) Aforo do local: 48 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 28/09/2016.

d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.

e) Traballará coas portas e fiestras pechadas e ventilación forzada

f) Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroque co sumidoiro, para as augas da cociña, segundo memoria.

g) A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.

h) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

i) Entregará os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.

j) Os aparatos de son actualmente (DUAS TELEVISIONS) modelos e marcas SAMSUNG VE49K5500AK e SAMSUNG VE49K5500AK, foron precintadas pola Policía Local con data 05/12/2016 a 69.3 dB(A) e 68.7 dB(A), respectivamente para un máximo permitido de 70 dB(A), estando o potenciómetro do citado aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que puidera producirse.

k) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente ao actual, é dicir, ás DÚAS TELEVISIONS SAMSUNG e LIMITADOR, á que fai referencia o apartado j) anterior, sen previa autorización do Concello.

l) NON SE PODERÁ EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.

m) NON PODERÁ OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

ñ) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).

o) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade



dos produtos do tabaco.

p) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

q) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010).

(Expte. 2016/45 TR. ESPECT.)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Antonio Alonso Pérez, en representación de IMPEX EUROPA S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de fabricación de plaguicidas e comercio maior de cereais, plantas, abonos, na Rúa Patiño nº 13 – Polig. Ind. Trabanca, baixo as seguintes prescricións:

a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 35 dB pola noite (22-8 horas) e de 40 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 75 dB polo día (8-22 horas) e de 65 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) Traballará coas portas e fiestras pechadas.

c) Contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. (Expte. 2016/50 AVAL.AMB.)

ROGOS E PREGUNTAS.

- A Sra. Granja Guillán indica que o bazar chino situado na nave da entrada ó Hospital fixo festa de inauguración, e pregunta se ten licenza.

O Sr. Pumar Durán contestalle que que ten presentado proxecto de acondicionamento pero que as naves carecen de licenza de primeira ocupación.

- A Sra. Granja Guillán, di que leu no periódico que os de Telefónica estaban a facer obras na Rúa Vista Alegre.

O Sr. Rodríguez Cuiña constestalle que a Policía parou as obras na zona de subida ao Castro Alobre.

- A Sra. Abalo Pérez pregunta porqué se producen tantos desestamentos nos expedientes de apertura .

O Sr. Pumar Durán lle contesta que os interesados presentan as comunicacións previas incompletas e cando se lles require documentación non contestan e ao cabo dun tempo cerran e solicitan o desestimento.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:55 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.